



#CreaVigo

MÚSICA + DANZA
ARTE CONTEMPORÁNEA
ILUSTRACIÓN

24/25/26.MAIO

HÉCTOR FRANCESH

CÍA.TRASPEDIANTE

MERY PAIS

TRÓPICO DE GRELOS

ROMÁN CORBATO

MUUM MÁIS DANZA

ISABELL SEIDEL

RENDI NUE

Praza Compostela
Rúa do Príncipe
Praza Princesa
Porta do Sol

PARTICIPA!

CONCELLO
DE VIGO





#CreaVigo

[xornadas artísticas participativas no espazo público]

24 + 25+ 26 #maio 2018

música · danza · arte contemporánea · ilustración

**CONCELLO
DE VIGO**





"**CreaVigo**" é un proxecto de creación artística en directo que mestura manifestacións de artes plásticas, ilustración, música e danza, en espazos públicos da cidade de Vigo, que discorre de forma paralela ao proxecto de arte urbana e graffiti "Vigo, Cidade de Cor".

DEMOCRATIZAR, PARTICIPAR, ACHEGAR!

Os **obxectivos**? A interacción coa cidadanía, achegando arte contemporánea aos diversos públicos a través da participación e da creación colaborativa, apoiando ao mesmo tempo a nosa produción cultural galega. Mozos e mozas, nenos e nenas, familias, persoas con diversidade funcional... todas e todos formarán parte activa de "CreAVigo".

FAGAMOS DA CIDADE DE VIGO UN FESTIVAL DA CULTURA CONTEMPORÁNEA!



O proxecto "**CreaVigo**" desenvolverase en espazos públicos de Vigo no mes de **maio** ao longo de **3 xornadas**: xoves 24, venres 25 e sábado 26. O programa é o seguinte:

XOVES 24.MAIO:

ARTE CONTEMPORÁNEA:

- Proxecto "Vigo's Pattern" de HÉCTOR FRANCESCH

Instalación artística de "pintura expandida" con iconos populares da cidade de Vigo. Consiste na realización dun pattern de grandes dimensións no chan da praza, na zona da terra, en colaboración co IES Politécnico e a Fundación Igualarte. Técnicamente levarase a cabo mediante "modelos" de cartón sobre as que se aplicará un material de morteiro de cores en pó a modo de estarcido.

ONDE? A partir das 10.00h na Praza Compostela.

MÚSICA:

- Actuación "O Bloco Afro" do TRÓPICO DE GRELOS

O Bloco Afro é un dos espectáculos de rúa máis soados de Trópico de Grelos. A súa cadencia crea un ambiente tinguido de rotundidade e

ritmos alegres de Salvador de Bahía. Está acompañado de coreografías, que fan deste desfile musical unha actuación moi animada e, polo tanto, unha auténtica festa. Caracterízase pola súa contundencia e diferénciase do resto dos espectáculos, polos seus fraseos ó unísono e a conversa instrumental entre graves e agudos, que fan esta función especialmente festiva.

ONDE? Saída dende o Sireno ás 19.30h.

VENRES 25.MAIO:

ARTE CONTEMPORÁNEA:

· Proxecto "#MorfoloxíasDiversas" de MERY PAIS

Instalación artística realizada en colaboración co alumnado do IES Castelao e do IES Valadares, traballando os conceptos de integración, o bullying, o racismo e a multiculturalidade. Por medio da técnica do collage, xeraremos figuras a escala humana con fragmentos de prendas rescatadas de outras culturas e rostros diversos, co fin de fusionar personaxes que sinteticen e mesturen diferentes imaxes multiculturais, rompendo esteoreotipos e prexuízos.

ONDE? A partir das 10.00h na Rúa do Príncipe.

MÚSICA + DANZA:

· Actuación MUUM MÁIS DANZA

Música e Danza en vivo, que mestura contemporaneidade e ritmos tradicionais peninsulares. Son, voz e electrónica engadida ao movemento. MUUM é mestura de atmósferas e ambientes sonoros de percusión, guitarra, electrónica e voces. O Dúo MUUM xurde en 2015 froito da colaboración artística e musical entre Manuel Fonte e María Move. Comeza a súa viaxe conxunta ca composición e grabación de música para espectáculos escénicos de danza e novo circo. Nos seus traballos misturan as atmósferas e ambientes sonoros, con electrónica e voces, dando unha personalidade especial ás súas composicións, e xenerando unha liña sobre a que MUUM camiña. Dende 2016 optan por darlle brillo á música e ritmos tradicionais da terra galega. Nesta ocasión amplíanse coma Trío musical engadindo a Guillermo Cortiñas (electrónica), e ofrecen a súa música acompañada da danza Contemporánea en colaboración cas bailarinas Nuria Sotelo e Cris Vilariño".

ONDE? Ás 19.30h na Rúa do Príncipe, diante do MARCO.

SÁBADO 26.MAIO:

ARTE CONTEMPORÁNEA:

- Proxecto "Lapso" de ROMÁN CORBATO

A proposta consiste en acotar un espazo da praza. Proponse unha peza escultórica como "lugar de reflexión" entre a cidade, a súa arquitectura e a natureza domesticada da alameda. Construirase un filtro circular a base de barras metálicas que velará parcialmente as vistas do interior e o exterior da peza xerando certo estrañamento cos viandantes así como novas perspectivas deste espazo urbano. Realizada en colaboración co alumnado da Escola de Artes e Oficios.

ONDE? A partir das 10.30h na Praza Compostela.

ILUSTRACIÓN:

- Obradoiro "DebuxaVigo: Historias urbanas" con ISABELL SEIDEL

"Hai tantas realidades como puntos de vista. O punto de vista crea o panorama." Partindo desta cita do filósofo *José Ortega e Gasset* buscamos as historias da cidade que nos conmoven e as contamos e interpretamos á nosa maneira. Na primeira parte do obradoiro, a ilustradora fará unha demostración in situ na Praza da Princesa. Explicará os aspectos relevantes do seu proceso creativo con especial atención á deformación arquitectónica tan característica no seu traballo de ilustración. Na segunda parte guiará ao grupo de participantes a dous espazos urbanos para poñer en práctica os aspectos ilustrados anteriormente. Aclarará dúbidas e ofrecerá atención personalizada para as persoas participantes que o desexen.

ONDE? Ás 11.00h, saída dende a Praza Princesa.

DANZA + CIRCO:

- Espectáculo "Up2Down" de CÍA.TRASPEDIANTE

Trátase dun espectáculo de danza-circo contemporáneo no que o humor e a danza interactúan cunha disciplina circense nova en Galicia: o funambulismo. As bailarinas Marta Alonso & Paula Quintas interpretan a dúas personaxes definidas polo seu estatus antagónico: "o alto e o baixo"; A FUNAMBULISTA – etérea e ideal, e A PAIASA – terreal e mundana. Xunto a elas, percorreras unha viaxe emocional a través dos seus desexos e aspiracións ata que alcanzan un punto de encontro: o equilibrio.

ONDE? Ás 13.30h na Praza Princesa.

MÚSICA:

· Actuación "Music Is Life" do RENDI NUE

Cantante y MC, reside en Santiago de Compostela. Dende moi nova se interesa por diversos estilos musicais, como o blues, o soul, o jazz, o reggae, a mestizaxe...

Centrando o seu estilo na música urbana, comeza a compoñer rap, combinando con outros estilos musicais como o dub, a electrónica, o r&b, etc. A música toma unha parte importante na súa vida como medio de expresión e de revolución, compoñendo letras cun importante contido social e persoal, intimista e atmosférico. Na súa traxectoria formou parte como vocalista do grupo de rap-metal "La Suite F" ata a súa disolución en 2013, cando Rendi Nue continúa súa carreira en solitario.

ONDE? Ás 19.30h na Rúa do Príncipe, diante do MARCO.



#CreaVigo



HÉCTOR FRANCESH

XOVES 24 - Praza Compostela - Dende ás 10.00h
Proxecto Vigo's Pattern: unha instalación artística, en colaboración coa Fundación Igualarte e o alumnado do IES Politécnico.

TRÓPICO DE GRELOS

XOVES 24 - Saída dende o Sireno - Ás 19.30h
O Bloco Afro: un espectáculo de percusión e coreografías. Súmate a unha auténtica festa!



MERY PAIS

VENRES 25 - Rúa do Príncipe - Dende ás 10h
#MorfoloxíasDiversas: proxecto artístico contra o racismo e o bullying, en colaboración cos mozos e mozas do IES Castelao e do IES Valadares.

MUUM MÁIS DANZA

VENRES 25 - Rúa do Príncipe, diante do MARCO - Ás 19.30h
Música e danza en vivo, que mestura contemporaneidade e ritmos tradicionais peninsulares. Con Nuria Sotelo, Cris Vilariño, María Move, Manuel Fonte, Guillermo Cortiñas e Gilbert Eiche.



ROMÁN CORBATO

SÁBADO 26 - Praza Compostela - Dende ás 10.30h
Peza escultórica como "lugar de reflexión", entre a cidade, a arquitectura, e a natureza domesticada. En colaboración coa Escola de Artes e Oficios.

ISABELL SEIDEL

SÁBADO 26 - Saída dende Praza Princesa - Ás 11.00h
Obradoiro de ilustración pola zona vella da cidade: "Hai tantas realidades como puntos de vista. O punto de vista crea o panorama."



CÍA.TRASPEDIANTE

SÁBADO 26 - Praza Princesa - Ás 13.30h
"Up2Down" é un espectáculo de danza-circo contemporáneo na que o humor e a danza interactúan cunha disciplina circense nova en Galicia: o funambulismo.

RENDI NUE

SÁBADO 26 - Rúa do Príncipe, diante do MARCO - Ás 19.30h
Music is life: actuación musical da artista Rendi Nue (Cantante urbana, MC & Singjay).



24/25/26.MAIO

CONCELLO
DE VIGO

